



| Guía Docente          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                    |                              |           |
|-----------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|------------------------------|-----------|
| Datos Identificativos |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                    | 2024/25                      |           |
| Asignatura (*)        | Innovación docente                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                    | Código                       | 652604E11 |
| Titulación            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                    |                              |           |
| Descriptoros          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                    |                              |           |
| Ciclo                 | Período                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | Curso              | Tipo                         | Créditos  |
| Mestrado Oficial      | Anual                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     | Primeiro           | Obrigatoria                  | 2         |
| Idioma                | CastelánGalego                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                    |                              |           |
| Modalidade docente    | Presencial                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                    |                              |           |
| Prerrequisitos        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                    |                              |           |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                    |                              |           |
| Coordinación          | Lorenzo Castiñeiras, Juan J.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Correo electrónico | j.lorenzo.castineiras@udc.es |           |
| Profesorado           | Bueno Aguilar, Juan Jose                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | Correo electrónico | juan.j.buenoa@udc.es         |           |
|                       | Lorenzo Castiñeiras, Juan J.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                    | j.lorenzo.castineiras@udc.es |           |
| Web                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                    |                              |           |
| Descrición xeral      | A materia persigue que o alumnado interiorice a innovación educativa como unha actitude profesional imprescindible para responder ás exigencias formativas ante o reto da crise ecosocial e apliquen a ?sustancia espiritual? das tecnoloxías dixitais á ensinanza para minimizar a fenda de participación. Asemade, busca facer efectiva a coordinación entre materias para asegurar que pode producirse unha integración de aprendizaxes do módulo xenérico e o módulo específico, o Practicum e o Traballo de Fin de Mestrado. Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC ( <a href="https://www.udc.es/es/normativa/academica/">https://www.udc.es/es/normativa/academica/</a> ). |                    |                              |           |

| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                |      |                                     |     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe                                                                                                                                                                                                                |      | Competencias / Resultados do título |     |
| Concebir a innovación educativa como unha actitude profesional imprescindible para respostar ás esixencias formativas ante o reto da crise ecosocial e a pandemia e aplicar a "sustancia espiritual" das tecnoloxías dixitais o ensino.  | AP3  |                                     | CP3 |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP8  |                                     | CP4 |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP9  |                                     | CP6 |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP20 |                                     | CP8 |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP21 |                                     |     |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP26 |                                     |     |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP33 |                                     |     |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP34 |                                     |     |
| Comprender que a innovación trascende a especificidade de cada área de coñecemento e busca superar as tradicionais barreiras entre profesorado, profesorado e alumnado, entre centro educativo e comunidade e entre a "escola" e a vida. | AP3  |                                     | CP3 |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP8  |                                     | CP4 |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP9  |                                     | CP6 |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP20 |                                     | CP8 |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP21 |                                     |     |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP26 |                                     |     |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP33 |                                     |     |
|                                                                                                                                                                                                                                          | AP34 |                                     |     |



|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |      |  |     |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------|--|-----|
| Asociar a innovación con a investigación permanente para incorporar os retos que teñe a humanidade e o noso planeta dende a xusticia social global: o cambio climático e a pandemia, o xiro dixital, a brecha de participación e a democratización do coñecemento, a igualdade de xénero, a diversidade e a interculturalidade. | AP3  |  | CP3 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | AP8  |  | CP4 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | AP9  |  | CP6 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | AP20 |  | CP8 |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | AP21 |  |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | AP26 |  |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | AP33 |  |     |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | AP34 |  |     |

| Contidos                                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Temas                                                                                                        | Subtemas                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| Núcleo 1: Innovación educativa e pedagogías dos coidados para encarar a crise ecosocial global e a pandemia. | Innovación educativa, cidadanía innovadora e conciencia global<br>Innovación educativa, brecha de participación, desigualdade invisible e crise ecosocial global<br>Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e Dereitos Humanos<br>Xustiza social global, pedagogías ecofeministas e decolonialistas                                                                                                                                        |
| Núcleo 2: Innovación educativa para establecer vínculos e promover a reciprocidade profunda                  | A sustancia espiritual das tecnoloxías dixitais na educación secundaria, as pedagogías dixitais e a cultura da converxencia.<br>Profesorado e alumnado como coinvestigadores, o profesorado e a colaboración entre colegas, o traballo en rede (escola/comunidade local/comunidades globais), o currículo integrado e a cultura transversal, a aula sen muros e a escola de espazos abertos (a organización)<br>Escola e vida no planeta. |
| Núcleo 3: A innovación educativa en acción                                                                   | Proxectos e experiencias de innovación con aprendizaxe baseado en proxectos (ABP)<br>Proxectos e experiencias de innovación dentro das comunidades de aprendizaxe<br>Proxectos e experiencias de innovación desde os ecofeminismos e o decolonialismo                                                                                                                                                                                     |

| Planificación                                                                                                            |                                          |                                         |                         |              |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|-----------------------------------------|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas                                                                                                    | Competencias / Resultados                | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais                                                                                                     | A3 A8 A21 A34 C3 C4                      | 1                                       | 1                       | 2            |
| Análise de fontes documentais                                                                                            | C4 C6 C8                                 | 2                                       | 6                       | 8            |
| Aprendizaxe colaborativa                                                                                                 | A9 A20 A26 C6                            | 4                                       | 10                      | 14           |
| Presentación oral                                                                                                        | A3 A33 A34 C3 C4                         | 2                                       | 2                       | 4            |
| Traballos tutelados                                                                                                      | A3 A8 A9 A20 A21 A26 A33 A34 C3 C4 C6 C8 | 5                                       | 15                      | 20           |
| Atención personalizada                                                                                                   |                                          | 2                                       | 0                       | 2            |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado |                                          |                                         |                         |              |

| Metodoloxías                  |                                                                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Metodoloxías                  | Descrición                                                                                                                                                                                                           |
| Actividades iniciais          | Presentación da materia, introdución das fontes de información, descrición das tarefas e os requirimentos de avaliación. Coñecemento dos intereses do estudantado con respecto á innovación.                         |
| Análise de fontes documentais | Presentación dos documentos en múltiples formatos e comprensión e análise dos seus contidos.                                                                                                                         |
| Aprendizaxe colaborativa      | Traballo en pequeno grupo e posta en común para contrastar puntos de vista sobre a información extraída das fontes documentais e realización do resumo analítico a ter en conta no deseño da proposta de innovación. |



|                     |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|---------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Presentación oral   | Realización na clase dunha das actividades que forman parte da proposta de innovación elaborada no traballo tutelado con participación obrigatoria de todo o alumnado, tanto na presentación da experiencia de cada grupo como na recepción do resto das experiencias.                                                |
| Traballos tutelados | Traballo en grupo que implica o deseño dunha proposta de innovación semellante á da modalidade de proxecto integrado do Traballo de Fin de Mestrado. Terá unha parte de realización en equipa e outra individual. A estrutura do traballo así como os criterios de avaliación específicos serán presentados na clase. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|---------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Traballos tutelados | <p>Descrición</p> <p>Sesións de seguimento na clase e en titorías para apoiar o traballo tutelado que consiste no deseño dunha proposta de innovación que se asemella a un proxecto integrado (modalidade do TFM).</p> <p>O alumnado de matrícula parcial e/ou con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.</p> |

## Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias / Resultados                | Descrición                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Cualificación |
|---------------------|------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| Presentación oral   | A3 A33 A34 C3 C4                         | <p>Realización na clase dunha das tarefas que forman parte da proposta de innovación elaborada no traballo tutelado, con participación obrigatoria de todo o alumnado tanto na presentación da experiencia de cada grupo como no desenvolvemento do resto das experiencias.</p> <p>No caso de non ter acadada a asistencia requirida pactarase co profesorado unha data para a presentación por medios telemáticos.</p> | 30            |
| Traballos tutelados | A3 A8 A9 A20 A21 A26 A33 A34 C3 C4 C6 C8 | Realización de todas as actividades implicadas no deseño dunha proposta de innovación de xeito grupal. A estrutura do traballo será presentada na clase así como criterios de avaliación específicos.                                                                                                                                                                                                                   | 70            |

## Observacións avaliación



## Convocatoria de xullo

Rexirase polos mesmos criterios que a 1ª oportunidade.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC (<https://www.udc.es/es/normativa/academica/>).

### Integridade académica:

Os contidos incluídos no traballo deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 7ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 7ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran. A presenza de fontes científicas no traballo é un signo de credibilidade que é requisito imprescindible para demostrar excelencia académica.

### Recoméndase consultar

[www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/guiarevmarzo2012APA6 taEd.pdf](http://www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/guiarevmarzo2012APA6 taEd.pdf)

[http://www.ugr.es/plaxio\\_hum/0401 Prevencion. htm](http://www.ugr.es/plaxio_hum/0401 Prevencion. htm)

### Política antiplagio:

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse, o uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, na que se indica que ? na realización de traballos, ou plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade".

### Recoméndase consultar:

[http://www.ugr.es/plaxio\\_hum/](http://www.ugr.es/plaxio_hum/)

<http://blogbibliotecas.mecd.gob.es/2015/01/22/plaxio- academico/>

Segundo o artigo 11, apartado 4 b), do Regulamento disciplinar do estudantado da UDC, no caso de plaxio: O alumnado terá a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

### Composición grupo e traballo individual:

Ao longo da realización do traballo e nas diversas convocatorias de avaliación pode haber variacións na composición dos grupos e no número de persoas que os compoñen segundo criterio do profesorado. Excepcionalmente pode decidirse a realización individual do traballo.

### Asistencia:

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria.

A cualificación final será a nota do traballo. Se o alumno/a non alcanza o 80% de asistencia non se avaliará o traballo realizado ao longo do curso e a cualificación será de non presentado.

O alumnado que na primeira oportunidade obtivese unha nota inferior a 5 deberá repetir o traballo. Se non alcanzou a porcentaxe de asistencia esixido deberá realizar un exame práctico ou elaborar un traballo de acordo co profesorado. Neste segundo caso, a cualificación final será a media ponderada das notas obtidas, debendo obter en cada parte un aprobado (5).

### Dispensa académica de exención de asistencia

Segundo o establecido na " NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA" (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017):

1. Deberá poñelo en coñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non fora posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento.
2. Terán que realizar todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente.
3. A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba).

### Linguaxe non discriminatoria

É obrigatorio o uso dunha linguaxe correcta, respectuoso e inclusivo, evitando termos discriminatorios relativos ao xénero, a etnia, a procedencia social, a diversidade funcional, a orientación sexual, etc. O non cumprimento deste requisito carrexará consecuencias negativas na nota de ata un punto menos.

### Transversalidade de xénero e interculturalidad



É altamente recomendable a inclusión da perspectiva de xénero e a interculturalidade na proposta de innovación.

Oportunidade adiantada: os mesmos criterios e actividades de avaliación que o antedito.



## Fontes de información

### Bibliografía básica

Beane, James A. (2005). La integración del currículo: el diseño del núcleo de la educación democrática. Madrid: Morata Hargreaves, Andy, Earl, Lorna, Ryan, Jim (1998). Una educación para el cambio. Barcelona: Octaedro Hargreaves, Andy y Fink, Dean (2008). El liderazgo sostenible. Madrid: Morata Wrigley, Terry (2008). Escuelas para la esperanza. Madrid: Morata Rudduck, Jean y Flutter, Julia (2007). Como mejorar tu centro dando la voz al alumnado dando la voz. Madrid: Morata Lankshear, Colin y Knobel, Michele (2008). Nuevos alfabetismos. Su práctica cotidiana y el aprendizaje en el aula. Madrid: Morata Rodríguez Romero, Mar (2003). Las metamorfosis del cambio educativo. Madrid: Akal Hargreaves, Andy y Fink, Dean (2006). Estrategias de cambio y mejora en la educación caracterizadas por su relevancia, difusión y continuidad en el tiempo. Revista de Educación, 339(2006), pp.43-58 Sánchez Asín, Antonio et al. (2009). La sociedad del conocimiento y las TIC: una inmejorable oportunidad para el cambio docente. Pixel-Bit. Revista de Medios y Educación, nº34, pp.179-204 Salinas Ibáñez, Jesús (2008). Innovación educativa y uso de las TIC. Universidad Internacional de Andalucía Rodríguez Romero, Mar (2012). El profesorado en la galaxia digital: como combinar la concentración constructiva con la participación en el mundo. TESI. vol 13, No 2 Ayers, William y Alexander-Tanner, Ryan (2013). Enseñar, un viaje en cómic. Madrid: Morata Eurydice (). Enciclopedia de los sistemas educativos europeos elaborada por la Red Eurydice. [https://webgate.ec.europa.eu/fpfis/mwikis/eurydice/index.php/Main\\_Page](https://webgate.ec.europa.eu/fpfis/mwikis/eurydice/index.php/Main_Page) Eurydice Network (). information on and analyses of European education systems and policies. [http://eacea.ec.europa.eu/education/eurydice/index\\_en.php](http://eacea.ec.europa.eu/education/eurydice/index_en.php) Edutopia (). Library of videos showcasing innovation and evidence-based learning practices in K-12 schools. <http://www.edutopia.org/videos> Prácticas Innovadoras INTEF (). Difundiendo buenas prácticas. <http://recursostic.educacion.es/heda/web/es/practicas-innovadoras/difundiendo-buenas-practicas> Emakunde (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género en el curriculum y en la actividad docente de las enseñanzas de régimen especial y de Formación Profesional.. Victoria: Servicio de Publicaciones del País Vasco Rodríguez Romero, Mar (2012). El profesorado en la galaxia digital. Cómo combinar la concentración constructiva con la participación en el mundo.. Teoría de la Educación: Educación y Cultura en la Sociedad de la Información, 13 (2), 220-245. Area Moreira, Manuel (2006). Hablemos más de métodos de enseñanza y menos de máquinas digitales: los proyectos de trabajo.. Monográfico ?La investigación escolar salta a la Red?, 79, 26-32. Martín García, Xus (2016). Proyectos con alma. Trabajo por proyectos con servicio a la comunidad.. Barcelona: Editorial Grao Susinos, Teresa (2009). Escuchar para compartir. Reconociendo la autoridad del alumnado en el proyecto de una escuela inclusiva.. Revista de Educación, 349, 119-136. Connell, Raewyn (1997). Escuelas y justicia social.. Madrid: Morata Torres Santomé, Jurjo (2011). La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar.. Madrid: Morata Chomsky, Noam (2007). La (des)educación.. Barcelona: Crítica Elisabeth F. Barkley, D. Patricia Cross (2013). Técnicas de aprendizaje colaborativo.. Madrid: Editorial Morata Johnson, David W. (2014). La evaluación en el aprendizaje cooperativo: cómo mejorar la evaluación individual a través del grupo. Madrid: Editorial SM Abellán Toledo, Yolanda e Herrada Valverde, Rosario Isabel (2016). Innovación educativa y metodologías activas en educación secundaria: la perspectiva de los docentes de lengua castellana y literatura. Revista Fuentes, 18(1), 65-76, <http://dx.doi.org/10.12795/revistafuentes.2016.i18.04> Zubiria-Ferriols, Edurne; Vallet-Bellmunt, Ilu; Bel Oms, Inmaculada (et. al.) (2020). III Jornadas de Innovación Educativa: DIMEU: Herramientas software en educación secundaria y universidad. Publicacions de la Universitat Jaume I Ramírez-Ramírez, Leticia N. ; Claudio-Martínez, César ; Ramírez-Arias, Valeria (2020). Usabilidad de las TIC en la Enseñanza Secundaria. Revista Científica Hallazgos21, Vol. 5, Nº. 1, 85-101 Soler Campo, Sandra e Saneleuterio, Elia (2020). Estereotipos de género en los filmes animados: una propuesta de investigación e innovación coeducativa en Secundaria. Actas CIVINEDU 2020, 4th International Virtual. [https://d1wqtxts1xzle7.cloudfront.net/65765744/CIVINProporcionarase bibliografía complementaria en función das necesidades e intereses do alumnado, así como a necesaria para o desenvolvemento dos traballos tutelados en función das temáticas abordadas.](https://d1wqtxts1xzle7.cloudfront.net/65765744/CIVINProporcionarase%20bibliograf%C3%ADa%20complementaria%20en%20funci%C3%B3n%20de%20las%20necesidades%20e%20intereses%20del%20alumnado%2C%20as%C3%AD%20como%20a%20necesaria%20para%20el%20desarrollo%20de%20trabajos%20tutelados%20en%20funci%C3%B3n%20de%20tem%C3%A1ticas%20abordadas)

### Bibliografía complementaria



## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

Dispoñibilidade dun dispositivo dixital con conexión a wifi e o uso de Teams.Recoméndase o envío dos traballos telemáticamente e non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Facer un uso sostible dos recursos e da prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Ter en conta os principios éticos relacionados coa sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.A participación na materia de innovación pretende crear unha situación de dobre innovación facendo que os estudantes experimenten o traballo por proxectos e deseñen unha proposta de innovación apoiada no aprendizaxe baseada en proxectos para o que se terán en conta os seguintes principios de procedemento:a. Adaptación dos contidos a problemas reais da práctica da Educación Secundaria.b. Desenvolvemento das competencias dixitais docentes. Producción de un banco de recursos e experiencias por parte do alumnado facendo uso de recursos dixitais.d. Aplicación de categorías de reflexión e clasificación que podan ser usadas polo alumnado na descrición e análise de experiencias, estudos de caso, materiais, ferramentas, documentos.Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe inclusiva, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos, actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías